

TINTORERÍA ELIA FERNÁNDEZVALDIVIESO



“Busquei un negocio que puidese ter éxito na miña zona”
Elia Fernández Valdivieso

Datos básicos

Actividade:	Franquicia de tinturería
Sector de actividade	Servizos de limpeza, atención doméstica, terceira idade e nenos
Nº empregados	3
Inversión inicial	120.202 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios, un préstamo e dúas subvencións. As principais partidas do investimento foron a prima da franquía, a maquinaria, o alugueiro do local e as obras de rehabilitación.
Web:	
Municipio:	Fene, A Coruña
Ano creación:	2001

Descrición do proxecto

Trátase dunha tinturería que ofrece servizos de lavandería e limpeza en seco para prendas téxtiles, peles, alfombras, edredóns e mantas. Tamén realizamos traballos de tinguido.



Datos empresa

Claves do éxito

Penso que unha das claves radica en que ofrecemos unha boa imaxe, que se combina con calidade, rapidez na entrega e un bo prezo.

Ademais, é importante o emprazamento. En Fene só existía unha tinturería, que era incapaz de absorber a demanda da zona. Ademais traballaban basicamente lavandería.

Situación actual

Despois de tres anos, aínda non temos rendibilizado o investimento.

Perfil cliente

Os nosos clientes son fundamentalmente persoas anciás que pertencen a un estrato socioeconómico acomodado e presentan algún tipo de dependencia.

Mais tamén son os nosos clientes algúns organismos públicos, institucións e asociacións que nos subcontratan servizos de asistencia a diversos colectivos, como alumnos con discapacidades, vítimas de accidentes laborais ou de tráfico, etc.



Idea inicial

A idea foi produto da situación na que me encontraba. Estaba en paro, tiña un diñeiro aforrado e quería montar un negocio e traballar pola miña conta. Primeiro pensei en establecerme mediante réxime de franquía e despois tentei atopar un negocio que puidese ter éxito na zona na que me quería asentarse (Fene, Narón ou Ferrol). Consulte un libro de franquías e analizando o mercado que tiña cabida nesta área, detectei a oportunidade dos servizos de tinturería en Fene.

Principales dificultades y amenazas futuras

Canto ás dificultades iniciais, as económicas foron as máis importantes. A prima que hai que pagar pola franquía acostuma ser moi cara, e despois resulta moi duro rendibilizala, xa que se esixen uns prezos moi baixos e unha marxe de beneficio que non permite contratar o persoal suficiente. Finalmente o traballo absórbeno os emprendedores e as xornadas de traballo resultan moi duras. Outro dos problemas é que se trata dunha actividade estacional. De maio a setembro atopámonos con enormes picos de traballo e ocórrenos o contrario de febreiro a maio. Canto ás ameazas, tememos a competencia, xa que de abrir na zona outra tinturería, os efectos serían moi negativos para as dúas..

Perfil promotores

A promotora posúe o título de Técnico de Empresas e Actividades Turísticas e non contribúe con formación nin experiencia relacionada co sector das tinturerías, excepto un cursiño que realizou a través da franquía.

Aptitudes necesarias

Moita tenacidade, diplomacia e capacidade de comunicación tanto cos clientes coma cos empregados.



Guía de Actividad

Lavanderías Industriais (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Saír do desemprego

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non, aínda que recibimos asesoramento por parte dos servizos de autoemprego do concello de Fene.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Neste caso penso que non. O que resulta fundamental son os coñecementos na profesión que exerces

Anecdótico

Ás veces os clientes coméntannos, con moita seguridade, como debemos proceder a eliminar unha mancha. É un negocio no que hai que ser moi diplomático e saber acadar un nivel de comunicación cordial co cliente, aínda que saibamos que non sempre ten a razón.

